

## RESOLUCIÓN SOBRE A CONCESIÓN DE PRÓRROGAS INDIVIDUAIS A EXPEDIENTES DA MEDIDA 19 (LEADER) DO PDR DE GALICIA 2014-2020

### ANUALIDADE 2019

#### I.- Antecedentes

- Ao longo do ano 2019, o director xeral de Agader emitiu resolucións de concesión de axuda (submedidas 19.2 e 19.4B) nas que figuraba un prazo máximo de execución e xustificación dos proxectos de ata o 15 de outubro de 2019 para os gastos correspondentes a esta anualidade, de conformidade co previsto no calendario de xestión da medida 19 (Leader) do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR de Galicia 2014-2020).

- Mediante a resolución do 1 de outubro de 2019, o director xeral de Agader ampliou o prazo máximo de execución e xustificación, para os gastos correspondentes á anualidade 2019 e en relación a todas as resolucións xa emitidas, ata o 30 de outubro de 2018. Por outra parte, as resolucións de concesión de axuda emitidas con posterioridade á citada resolución do director xeral de Agader do 1 de outubro de 2019, emitíronse xa coa nova data máxima de execución e xustificación: 30 de outubro de 2019 para os gastos correspondentes á anualidade 2019.

- Ao longo dos meses de setembro e outubro deste ano 2019, teñen entrada no rexistro xeral de Agader un número significativo de solicitudes de promotores para a ampliación do prazo de execución e para a presentación da documentación xustificativa correspondente aos gastos da anualidade 2019 que exceden do límite máximo (30 de outubro de 2019) establecido con carácter xeral na Resolución do director xeral de Agader do 1 de outubro de 2019.

Por outra parte, un número significativo de promotores das resolucións de concesión da axuda emitidas polo director xeral da Agader ao longo do pasado ano 2018, no ámbito da submedida 19.2, nas que figuraba a previsión de parte da execución do orzamento neste ano 2019 (2ºanualidade), tamén presentaron solicitudes de prórroga que excedían o prazo máximo fixado inicialmente para a execución final do 15 de outubro de 2019.

- As solicitudes de prórroga recibidas en Agader figuran no anexo I deste informe. Neste anexo I consta o número de expediente, título, promotor e xustificación alegada para a solicitud de ampliación de prazo.



## II.- Fundamentos legais e técnicos

- Acordo do Consello de Dirección de Agader do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección, publicado mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 (DOG núm. 42, do 2 de marzo).

-Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se resolve a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

- Convenios de colaboración do 13 de decembro de 2016 entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e os grupos de desenvolvemento rural seleccionados, mediante acordo do 16 de novembro de 2016 do Consello de Dirección de Agader, para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida Leader de Galicia, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 29 de decembro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas ao abeiro da medida 19 ( LEADER), cofinanciadas con FEADER no marco do programa do PDR de Galicia 2014-2020, publicado mediante a Resolución do 29 de decembro de 2016 (DOG núm. 12, do 18 de xaneiro de 2017).

-RESOLUCIÓN do 12 de decembro de 2017 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2018 e 2019, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural.

-Resolución do 14 de decembro de 2018 pola que se convocan, mediante tramitación anticipada de gasto, subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2, Apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo, da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, para as anualidades 2019 e 2020, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural. (DOG núm. 245 do 26 de decembro de 2018).



-Resolución do 26 de xullo de 2019 pola que se amplía a dotación orzamentaria da Resolución do 14 de decembro de 2018 pola que se convocan subvencións para a execución de proxectos ao abeiro da submedida 19.2 (apoio para a realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo), da medida Leader do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (PDR de Galicia 2014-2020), para as anualidades 2019 e 2020, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) (*DOG núm 149, do 7 de agosto*).

- Resolución do director xeral de Agader, do 1 de outubro de 2019, pola que se modifica a data final de xustificación de investimentos correspondentes á anualidade 2019, de xeito que se amplía ata o 30 de outubro de 2018.

-Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro), que prevé a ampliación de prazos no artigo 32.

-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 11 de xullo de 2013, que se publicou mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG núm. 148, do 5 de agosto), sobre delegación de competencias.

O prazo de execución dos proxectos empeza a partir da data da solicitude de axuda, que segundo o artigo 6 (inicio da subvencionabilidade dos gastos) das bases reguladoras da medida Leader do PDR 2014-20 é a data na que os promotores poden empezar a execución dos seus proxectos.

Á data de hoxe aínda non finalizou o prazo de execución e xustificación de ningún dos proxectos que no citado anexo I se sinalan, as alegacións dos promotores xustifican a concesión das prórrogas que solicitan, estas non exceden da metade do prazo inicial de execución de xustificación e con elas non se prexudican dereitos de terceiros. Polo tanto, cúmprense as condicións do artigo 32 da citada Lei 39/2015 e do artigo 22 das bases reguladoras da medida Leader do PDR 2014-20 para as prórrogas de que se trata.

En consecuencia,

**RESOLVO:**

1. Emitir a resolución de concesión de ampliación do prazo máximo para a execución e para a presentación da documentación xustificativa ata o 15 de novembro de 2019, para os gastos correspondentes á anualidade 2019, e referida aos proxectos que se especifican no anexo I e polas causas que no citado anexo se especifican.
2. Notificar a resolución pola que se concede a ampliación do prazo de execución e xustificación aos interesados.
3. Publicar a presente resolución na páxina web de Agader.

ANEXO I

GDR	Expediente	DATA DE ENTRADA	Título	Promotor	Motivación	TEMPO SOLICITADO
TERRAS DE MIRANDA	L19-1920-01-0110	25/10/2019	Arucaria House	María Isabel Prieto Fernández	ATRASO NA TRAMITACIÓN	15/11/2019
TERRA CHÁ	L19-1940-02-B114	28/10/2019	Libro guía do territorio do GDR 2 Terra Chá	GDR	ATRASO NA TRAMITACIÓN	15/11/2019
	L18-1920-02-0066	28/10/2019	Obra para ampliar e mellorar tenda venda directa	Javier Piñeiro López	ATRASO NA TRAMITACIÓN	15/11/2019
	L18-1920-02-0081	28/10/2019	Reparación e mantemento de vehículos de motor	Guemo reparaciones S.L	ATRASO NA TRAMITACIÓN	15/11/2019
	L18-1920-02-0087	28/10/2019	Construcción nave para ampliación taller para actividad chapa e pintura	Luis Folgueira Tella	ATRASO NA TRAMITACIÓN	15/11/2019
VALDEORRAS	L18-1920-07-0053	25/10/2019	Pensión de apartamentos "Luxury Valdeorras"	Brianda Levantina S.L.		15/11/2019
	L18-1920-07-0054	22/10/2019	Creación e posta en marcha de Albergue turístico con Actividades complementaria en Casao	PEDRO DOMÍNGUEZ PÉREZ	ATRASO NA TRAMITACIÓN	15/11/2019
	L19-1920-07-0059	28/10/2019	Oficina técnica de servizos agroforestais e medioambientais Ametlam S.L	Ametlam S.L	ATRASO NA TRAMITACIÓN	15/11/2019
	L19-1920-07-0060	21/10/2019	FORMACIÓN GDR 7 VALDEORRAS	GDR	FALTA LIQUIDEZ	15/11/2019
	L19-1920-07-0070	28/10/2019	Adquisición de vehículo de transporte para comercialización de produtos agrarios	Vilaberries SAT	ATRASO NA TRAMITACIÓN	15/11/2019
	L19-1920-07-0071	28/10/2019	Centro de Fisioterapia e Osteopatía	Miguel Ángel Fernández González	ATRASO NA TRAMITACIÓN	15/11/2019
	L19-1920-07-0073	22/10/2019	Resinación ecolóxica do pino Pinaster Galego e a sua destilación en componentes	XAGOAZA PINASTER S.L	ATRASO NA TRAMITACIÓN	15/11/2019
	L19-1920-07-0081	21/10/2019	APARTAMENTO RURAL "O PRADO DO FORNO"	PATRICIA RODRÍGUEZ MALVESADA	Atraso na tramitación	15/11/2019
	L19-1940-07-B091	21/10/2019	PLAN DE DINAMIZACIÓN, INFORMACIÓN E ANIMACIÓN PARA A ASOCIACIÓN GDR 7	GDR	FALTA LIQUIDEZ	15/11/2019
SIL BIBEI NAVEA	L19-1940-08-B115	25/10/2019	Sinalización turística no territorio do GDR Sil-Bibei-Navea	GDR	FALTA LIQUIDEZ	15/11/2019
MONTEVAL	L19-1920-09-0089	28/10/2019	Construcción de taller agrícola con servizos de reparación e mantemento	Jaime Diéguez Gallego	Atraso na ejecución	15/11/2019
	L19-1920-09-0111	28/10/2019	Construcción dun Hotel Rústico en Fumaces	Gandainas Hotel Gastronómico SL	Atraso na ejecución	15/11/2019



A LIMIA ARNOIA	L19-1940-10-B183	28/10/2019	Divulgación 2019	GDR	FALTA LIQUIDEZ	15/11/2019
	L19-1940-10-B184	28/10/2019	O Saber do Entroido	GDR	FALTA LIQUIDEZ	15/11/2019
	L19-1920-10-0128	28/10/2019	Programa de Formación 2019-2020	GDR	FALTA LIQUIDEZ	15/11/2019
ADERCOU	L19-1920-11-0123	28/10/2019	Fogar Residencial en A Vendanova	Residencial Robla , S.L	ATRASO NA TRAMITACIÓN	15/11/2019
CONDADO PARADANTA	L19-1940-13-B156	28/10/2019	Boletín informativo Programa Leader 2014-2020: Anualidade 2019-2020	GDR	FALTA LIQUIDEZ	15/11/2019
PONTEVEDRA NORTE	L19-1920-16-0112	25/10/2019	Equipamento Residencia e Centro de día da terceira idade de Silleda	Coviastec Silleda S.L.	ATRASOS TRAMITACIÓN	15/11/2019
	L19-1920-16-0134	25/10/2019	Instalacion de planta de fabricación de xeo seco e centro de recarga de gases	FACOSA EQUIPAMENTO INDUSTRIAL, S.L	ATRASOS TRAMITACIÓN	15/11/2019
SALNÉS ULLA UMIA	L19-1920-17-0103	28/10/2019	Adquisición dun equipo de aspiración e tratamento de refugallo	Mucarce Carpinteros S.L	ATRASOS TRAMITACIÓN	15/11/2019
	L19-1920-17-0108	21/10/2019	Instalación de climatización e mellora enerxética Centro Social Polivalente	CONCELLO DE MEAÑO	Atraso na ejecución	15/11/2019
	L19-1920-17-0117	28/10/2019	Parque didáctico de lecer e acuático de Meis	Creelpabe, S.L	Atraso na ejecución	15/11/2019
	L19-1920-17-0121	28/10/2019	Proxecto de mellora social con pista deportiva e recuperación do Palomar e o seu entorno	CMVMC de Godos	Atraso na ejecución	15/11/2019
DELOA	L18-1920-18-0048	24/10/2019	Casa da mocidade	Concello de Pobra do Caramiñal	ATRASO NO MOBILIARIO	15/11/2019
ULLA TAMBRE MANDEO	L17-1920-20-0037	15/10/2019	EQUIPAMENTO MÁQUINAS DE CARDIO	Concello de O Pino	Atraso na tramitación	15/11/2019
	L18-1920-20-0074	28/10/2019	Ampliación de instalacións e maquinaria para o empacado de quebrado de madeira e viruta e o almacenamento de produtos	Varela Mendoza, S.L.	Atraso na tramitación	15/11/2019
	L18-1920-20-0098	28/10/2019	Proxecto de adquisición dunha retrocargadora	José Luis García Porto	Atraso na tramitación	15/11/2019
	L18-1920-20-0101	28/10/2019	Rehabilitación de edificación para Pensión Rural e Cafetería	Dgranxa Servizos Técnicos SRL	Atraso na tramitación	15/11/2019



COSTA DA MORTE	L18-1920-22-0057	28/10/2019	Servizo de transporte adaptado	Asociación Íntegro das persoas con diversidade funcional da Costa da Morte	ATRASO NA TRAMITACIÓN	15/11/2019
MARIÑAS BETANZOS	L19-1920-23-0131	28/10/2019	Mellora ambiental e paisaxística do Monte Veciñal de San Antón no Monte das Moas	CVMC de San Antón	Atraso na tramitación	15/11/2019
SEITURA 22	L19-1920-24-0111	22/10/2019	Ampliar o Centro Ocupacional Aspaneeps cun novo local diversificando actividade desenvolvidas nel	ASPANEPS	ATRASO NOS PERMISOS	15/11/2019

Santiago de Compostela

O Consello de Dirección de Agader  
(P.D.: Acordo do 29.12.2016)  
O director xeral de Agader  
(Asinado electronicamente)  
Miguel Ángel Pérez Dubois

